

MUY LEJOS

Gerard Oms, 2025

1497

ESTREA EN NUMAX: 11.04.2025 | V.O.S.E. | 100 min

Sergio viaxa a Utrech coa súa familia para asistir a un partido de fútbol. Antes de coller o voo de regreso a Barcelona sofre un ataque de pánico e decide ficar en Holanda. Incapaz de dar unha explicación lóxica aos seus, corta o contacto co seu pasado. A partir dese intre, terá que sobrevivir sen diñeiro, sen casa e sen falar o idioma.

«Brillante debut de Gerard Oms como director cun Mario Casas tan rotundo como soberbio»

Luis Martínez, EL MUNDO



Notas do director

Por Gerard Oms

No ano 2008 España viviu unha crise económica que obrigou a gran parte da miña xeración a migrar a outros países en busca dun futuro mellor. No meu caso, foi o contexto perfecto para tamén deixar atrás unha rutina que me afogaba e emprender unha viaxe que me cambiaría a vida. Aquí non podía facelo, necesitaba espazo, tempo e anonimato. Da noite para a mañá, sen consultalo con ninguén, e coa recesión económica como coartada, decidín coller un tren con destino a Ámsterdam. Así comezou a miña aventura nos Países Baixos, unha historia coas súas feridas, monstros e revelacións. Un periplo intenso e máxico. A incontinencia emocional que naquel entón me caracterizaba, permitíume vivir unha experiencia transformadora. Dezasete anos máis tarde entendo un pouco máis as razóns daquela viaxe, e a miña intención, ao facer esta película, non é outra que lanzar conciencia a aquel momento e dar un respiro a aquelas persoas que, por unha ou outra razón, se atopan atrapadas e necesitan mirarse a si mesmas de forma honesta.

A nivel formal, optei por rodar toda a película cunha soa óptica -un 40mm- que se achegase á visión humana e nos permitise pegarnos ao actor ata escoitalo respirar. O ritmo da montaxe está determinado polo abrupto e as pausas internas, coqueteando co estilo documental nalgunhas pasaxes e pivotando desde o íntimo, que convida á reflexión, ao conflito externo que explota nunha realidade descoñecida onde o protagonista ten que abrirse camiño. O tratamento do son é áspero e aparentemente sucio, para violentar as reaccións e emocións da historia, e a banda sonora sostense a partir de afinacións e composicións dun violonchelo que aparece e desaparece de maneira diexética e extradiexética para facer avanzar, anticipar ou soste o relato, segundo o punto de vista.

O papel que xogan os diferentes idiomas na película (catalán, castelán, inglés, neerlandés e árabe) é fundamental; a súa riqueza e mixtura como código na linguaxe e a narración, así como as súas barreiras e impedimentos. Sempre me interesou o cinema europeo de corte social que mostra a realidade sen manierismos, a través da sensibilidade e as contradicións de persoas en perigo, que decidiron dar un paso firme. Un cinema que explora a condición humana desde a crueza, sen trampas nin artificios, onde o nexo común é un ou máis personaxes que se ven empuxados cara ao abismo, nunha fuxida cara a adiante sen apenas osíxeno. Todos eles debuxan a idiosincrasia dos mundos en que habitan, dando espazo ás minorías a través da mirada dos seus autores, quen presenta un retrato da clase traballadora claro e íntegro, sen espaventos nin miradas condescendentes, e no que non falta o humor; un humor que sempre está presente e se impón ante a adversidade. A película enmárcase nun universo realista, fiel ao arco dramático e ao conflito do noso protagonista. A intervención dos espazos foi mínima, dedicando gran parte dos esforzos en atopar os lugares idóneos para rodar as escenas.

Publicado en bteampictures.es